

# GUÍA COOP

GUÍA DE  
COOPERATIVISMO  
Unidade didáctica



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

CICLO DE  
EDUCACIÓN  
PRIMARIA

# GUÍA COOP

## UNIDADE 1

### COOPERATIVAS E TIPOS

Pax. 1



Actividade 1 Que sabemos?

Pax. 2



Actividade 2 Necesidades

Pax. 3



### INICIOS DO COOPERATIVISMO

Pax. 4



Actividade Verdadeiro e falso

Pax. 5



### COOPERAR

Pax. 6



Actividade Observa

Pax. 7



### TIPOS DE COOPERATIVAS

Pax. 8



Actividade Observa

Pax. 9



IDEAS CENTRAIS DA UNIDADE

Pax. 10



### HABILIDADES COOPERATIVAS

Pax. 11



Actividade Gañade o máximo posible

Pax. 13



Actividade práctica Cooperativa

Pax. 15



Audiovisual ou de artistas da escena

# UNIDADE 1

## COOPERATIVAS E TIPOS

**Cooperar** é unha forma de relacionarnos con outras persoas que se vén practicando desde os inicios da historia humana.

**As cooperativas**, pola súa banda, son un modelo de empresa, 'inventado' no século XIX, onde prima a cooperación, a igualdade, a solidariedade... Nesta unidade imos achegarnos ao que é a cooperación e ao que son as cooperativas, tratando de comprender que é o que as fai singulares.

**Hai moitas cousas que non podemos facer sen a axuda dos demais. Se conseguimos unírnos, sen que ninguén mande máis que os demais e tratando de apoiar as ideas e necesidades de todo o mundo, estaremos cooperando.**

**¡Non sempre é fácil, pero podemos probar!  
¡Se o conseguimos, ademais imos sentirnos mellor!**



## ACTIVIDADE 1 QUE SABEMOS?

Da seguinte lista de expresións, 6 teñen relación co cooperativismo e outras 6 non a teñen.

Escolle as **6** que che parece que si teñen relación.

Primeiro o fas individualmente, despois en grupos pequenos e por último poñéndonos de acordo toda a aula.

- Colaborar
- Grupo
- Amolarse
- Facerse rico ou rica
- Cada quen vai ao seu
- Democracia
- Reunión
- Privilexios
- Unha para todas e todas para unha
- Egoísmo
- Competir
- Solidariedade

A miña selección:

A selección do meu grupo:

A selección da miña clase:

### REFLEXIÓN FINAL

Escribo aquí algunhas cousas que non me quedaron moi claras.

## ACTIVIDADE 2 NECESIDADES

¿Cales son as necesidades básicas das persoas, é dicir, aquelas que todo o mundo debería ter atendidas? Da seguinte lista, sinala aquelas que che parecen necesidades e aquelas outras que non o son. Compara os resultados cos dos teus compañeiros e trata de chegar a un acordo en común.

### A MIÑA SELECCIÓN

- Ter unha vivenda
- Ir ao cine
- Ter un coche
- Ter alimentos suficientes
- Poder ir ao médico, cando se está enfermo

### O QUE ACORDAMOS ENTRE TODOS E TODAS

- 
- 
- 
- 
- 

¿Cales son as nosas necesidades? Da seguinte lista de cousas, sinala as que consideras necesarias para ti. Despois imos comparar cos demais e sinalar cales son as necesidades comúns, as que toda a clase comparte. Escríbimolas no encerado, separadas unhas doutras.

### AS MIÑAS NECESIDADES

- Ter amigos e amigas
- Estar tranquilo ou tranquila
- Que me fagan caso
- Tomar unha merenda no recreo
- Poder estar so ou soa, se me apetece
- Que ninguén se meta comigo
- Xogar ao que a min me gusta
- Que me axuden cando teño problemas

### AS QUE COMPARTIMOS TODA A CLASE

- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 
- 

### ¿Cales das necesidades comúns poderían conseguirse cooperando?

Primeiro o pensamos un momento cada quen. Despois, por orde, cada membro da clase pega un gomet naquelas que lle parece que se poden atender cooperando e explica moi brevemente por que lle parece que é así.



# INICIOS DO COOPERATIVISMO

As condicións nas que viviu a primeira clase traballadora eran pésimas. Tiñan moitas necesidades: alimentos a prezos que puideran pagar cos seus pequenos salarios, vivenda, saúde, etc.

Ante problemas comúns, buscaron solucións en común, a través de cooperativas, para conseguir alimentos máis baratos, vivenda, sanidade, etc.

## PERSONAXES



As ganancias das empresas deben empregarse en mellorar as condicións de vida dos obreiros, porque se melloras as condicións de vida dunha persoa, convértela nunha mellor persoa.

Robert OWEN, País de Gales, 1771-1858.

As súas ideas inspiraron a fórmula cooperativa




Para que non exista pobreza, a sociedade debe organizarse en falansterios, que son cidades cooperativas dunhas 400 familias, onde se comparte o traballo e o consumo.

Charles Fourier, Francia, 1772-1837.

As súas ideas inspiraron a fórmula cooperativa




No ano 1844 en Inglaterra, créase a primeira cooperativa do mundo: a Sociedade dos Equitativos Pioneiros de Rochdale (Rochdale Society of Equitable Pioneers)



Querían mellorar o nivel de vida dos seus membros a través dun almacén de comida e vestido, dun terreo de cultivo, de casas comúns e dunha forma de organizarse e de que todos puideran ir á escola.

Gráfica da evolución da cooperativa dos Pioneiros de Rochdale en número de persoas socias, capital e vendas



## ACTIVIDADE VERDADEIRO E FALSO

### 1. Subliña as frases que consideres verdadeiras

- As primeiras cooperativas formáronse no século XIX
- Antigamente as persoas non cooperaban
- As cooperativas son unións de persoas ricas, con moitas empresas e propiedades
- Unirse en cooperativa permitiu resolver necesidades comúns

### 2. Investigación

En grupos buscamos información en internet e traemos a clase o nome da cooperativa galega máis antiga que atopemos. Facemos unha posta en común, presentando tamén información de onde se formou e a que se dedicaba.

# COOPERAR

A palabra vén do latín, formada por dúas:

**CUM** que significa **CON**



**OPERARE** que significa **OPERAR, TRABALLAR**



**TRABALLAR  
COS DEMAIS**



## COOPERACIÓN

Cooperar é unha forma de relacionarse, na que se unen esforzos e se colabora. Cando coopero, preocúpome de acadar o que necesito eu, pero ao mesmo tempo tamén me preocupo de achegar o que lles interesa aos meus compañeiros e compañeiras. Non penso só en min, senón tamén nos demais.

## COOPERATIVA

É unha empresa, propiedade de varias persoas que teñen unha necesidade en común e que se organizan para resolvela en común, tomando as decisións democraticamente.

## COOPERATIVISTAS

Son as persoas que forman parte da cooperativa, é dicir, que se organizaron en común para apoiarse mutuamente e conseguir xuntos aquilo que todos e todas elas necesitan.

## COOPERATIVISMO

O cooperativismo é unha forma de pensar, unha corrente filosófica, que considera que as relacións económicas entre as persoas son máis beneficiosas para a sociedade cando son de cooperación. Para o cooperativismo o principal na economía debe ser que todas as persoas teñan o que necesitan, e non acumular riquezas.

Pero non é só unha filosofía. O cooperativismo ten o seu lado práctico. Vén desenvolvéndose desde o século XIX a través de moitas experiencias en todo o mundo, que chegan aos nosos días: cooperativas de consumo, de vivenda, cooperativas de traballo, etc.

## RESUMO DOS CONTIDOS

- ✓ Cooperar é traballar xuntos polo interese común
- ✓ As cooperativas son un tipo de empresas nas que o principal non son os beneficios soamente económicos, senón atender ás necesidades comúns




# ACTIVIDADE OBSERVA



1. ¿Que queren este rapaz e estas dúas rapazas? ¿Teñen un obxectivo común?
2. ¿Por que non son capaces de conseguilo?
3. ¿Que poderían facer para conseguir o que queren? ¿Pensas que cooperando entre eles terían máis éxito?



4. Nesta foto podemos identificar relacións de cooperación e relacións de competencia? ¿Podes sinalalas?



5. ¿Teñen estes burros algunha necesidade en común? ¿En que viñetas se enfrontan entre eles? ¿Como resollen a situación?

# TIPOS DE COOPERATIVAS

Unha cooperativa permítenos resolver necesidades compartidas. Segundo cal sexa a necesidade, fórmanse diferentes tipos de cooperativas.

## ■ Cooperativas de consumo

Créanse para poder mercar alimentos, roupa ou outros produtos de consumo a un prezo máis baixo. As persoas organízanse en cooperativa para mercar os produtos todos xuntos, e reducen o aumento de prezo causado polos intermediarios.



## ■ Cooperativas de traballo

Créanse para ter un posto de traballo, é dicir, un emprego co que gañarse a vida. Fórmana persoas que non teñen emprego e se organizan para producir xuntas algún ben ou servizo e ofrecelo no mercado.

## ■ Cooperativas de servizos

Créanse para mellorar os ingresos das explotacións ou negocios. As máis numerosas son as cooperativas agrarias, formadas por persoas que viven do campo para obter un mellor prezo polos seus produtos.

## RESUMO DOS CONTIDOS

- ✓ Existen tres tipos principais de cooperativas: de consumo, de traballo e de servizos.
- ✓ Cada tipo responde a unha necesidade diferente: comprar máis barato, ter un emprego e mellorar o rendemento dunha granxa ou un negocio.

## 1. ¿De que tipo pensas que son as seguintes cooperativas?



Tipo:

Un grupo de zapateiros deciden xuntarse e traballar no mesmo taller. Poñen en marcha unha cooperativa na que traballan todos.



Tipo:

Aos pequenos comercios da cidade éralles moi difícil competir cos grandes supermercados ata que decidiron montar unha cooperativa para comprar xuntos máis barato.



Tipo:

Un grupo de persoas afeccionadas á bicicleta tiñan problemas para atopar nas tendas as bicis e pezas que necesitaban. Uníronse e crearon un portal de compras, onde conseguían pezas novas e de segunda man.

## 2. Une segundo corresponda:

### Os tres tipos de necesidades

- Estamos no paro e precisamos un emprego
- Temos árbores froiteiras, pero págannos pouco pola froita
- Queremos aforrar na cesta da compra, con boa calidade

### Os tres tipos de cooperativas

- Cooperativa de consumo
- Cooperativa de servizos
- Cooperativa de traballo

# IDEAS CENTRAIS DA UNIDADE

Aínda que durante toda a historia da humanidade as persoas cooperaron e se axudaron, a cooperativa, como tipo de empresa que é, xurdiu despois da revolución industrial.

**Cooperar é traballar xuntos polo interese común**

Existen tres tipos principais de cooperativas: de consumo, de traballo e de servizos.

**Cada tipo responde a unha necesidade diferente: comprar máis barato, ter un emprego e mellorar o rendemento dunha granxa ou un negocio.**

O cooperativismo é unha das formas en que esta xente buscou unha solución común aos seus problemas.

**Vivir na primeira metade do século XIX, tendo como único medio de vida o traballo nas fábricas, significaba sufrir unhas condicións de salario, vivenda, saúde... moi malas.**

**A primeira cooperativa no mundo xorde en Inglaterra en 1844.**

As cooperativas teñen como principal fin atender ás necesidades comúns dos seus socios e socias.





# HABILIDADES COOPERATIVAS



## COMPETIR

Cada persoa busca o seu propio interese, sen preocuparse do que lles interesa conseguir ás demais persoas.



## COOPERAR

Cada persoa busca o seu propio interese, xuntándose con outras persoas e axudando tamén a conseguir as metas dos demais.

Competir e cooperar son dúas formas de relacionarnos válidas. Podemos aplicar unha ou outra forma de relación en diferentes situacións, segundo o consideremos máis adecuado.

## VANTAXES DE COOPERAR:

- Ao unirmos, temos máis capacidade e máis forza. Podemos formularnos retos máis ambiciosos.
- Cando nos xuntamos, formar parte dun grupo fainos sentir recoñecidas e recoñecidos.
- Un grupo de persoas é sempre máis creativo que unha persoa soa.
- Cooperar tamén nos permite intercambiar ideas e coñecementos e aprendemos moitas cousas dos demais.

## RESUMO DOS CONTIDOS

✓ Cooperar é facer unha alianza cos demais para axudarlles e para que che axuden.

✓ Non se trata de que gañen unhas persoas e outras perdan. Cooperando queremos conseguir gañar todos e todas.



## CONFIAR NOS DEMAIS

A peor cousa para a cooperación é facer trampas: dicir unha cousa, pero facer outra; enganar aos demais para recibir axuda, e despois aproveitarse só en beneficio propio... Se isto pasa, cada quen vai ir ao seu (que é exactamente o contrario de cooperar)

Para que as demais persoas teñan confianza en nós temos que ser leais, demostrar ao longo do tempo que nos preocupamos por elas e que queremos axudalas, que valoramos poder cooperar con elas e que non nos dá igual que lles vaia mal.

Ás veces temos intención de cooperar, pero son as outras persoas quen nos traizoan. Neses casos, non podemos seguir cooperando ata que non volvamos confiar nelas. Do contrario poden abusar de nós e iso tamén é o contrario da cooperación.

**Para fortalecer a confianza precisamos da outra clave: a comunicación.**

## COMUNICARNOS COS DEMAIS

Comunicarnos ben para cooperar significa dicir que é o que nos gusta e o que nos interesa e tamén escoitar o que queren os demais. Para podermos axudar entre nós debemos saber que queren cada quen.

Debemos exercitarnos nas nosas habilidades para comunicarnos ben. É importante saber que unha das cuestións máis importantes é saber escoitar.



## RESUMO DOS CONTIDOS

✓ Para cooperar existen dous ingredientes esenciais: a confianza e a comunicación.

✓ Podemos aprender a manter relacións cooperativas e ir facéndonos cada vez máis capaces de cooperar.  
¡Seguro que nos vai axudar na vida!

# ACTIVIDADE GAÑADE O MÁXIMO POSIBLE

## Dividimos á clase en 4 grupos.

Cada grupo ten dúas tarxetas: un COCHE e un AUTOBÚS.

En **SETE** votacións, terá que mostrar unha destas dúas tarxetas, tentando gañar o máximo que poida ao final do xogo.

O que se gaña ou se perde en cada votación responde á táboa seguinte:


Cando no conxunto de grupos se produce este resultado...	0 grupo que saca coche...	0 grupo que saca autobús...
	<b>PERDE 20</b>	
	<b>GAÑA 10</b>	<b>PERDE 30</b>
	<b>GAÑA 20</b>	<b>PERDE 20</b>
	<b>GAÑA 30</b>	<b>PERDE 10</b>
		<b>GAÑA 20</b>

Unha vez rematado o xogo, realizamos as seguintes preguntas de avaliación sobre o mesmo, que son abordadas en plenario:

- Como nos sentimos nas diferentes fases do xogo?
- Que cousas puideron influír en que non acadaramos mellores resultados?
- Por que algunhas persoas ou grupos quixeron gañar máis que os demais, en vez de gañar o máximo que eles podían?
- Como influíu o feito de non poder comunicarse cos outros grupos?
- Como se aproveitou o tempo que había para falar cos outros grupos?
- Foi posible cooperar?
- Que resultados teríamos obtido se se cooperase desde o inicio?
- Por que resultou difícil que os grupos sacaran Y?
- Que relación ten o xogo coa vida real?
- Como faríamos se nos deran a oportunidade de xogar outra vez desde o inicio?

ACTIVIDADE  
**GAÑADE O MÁXIMO POSIBLE**  
**IMPRIME e RECORTA**

[Unha páxina por equipo]



VOTACIÓN	Podemos falar cos outros grupos	Tempo de decisión nos grupos	O resultado desta tirada multiplica por	grupo 1	grupo 2	grupo 3	grupo 4
1ª		1 min					
2ª		1 min					
3ª	3 min	1 min	x3				
4ª		1 min					
5ª	3 min	1 min	x5				
6ª		1 min					
7ª	3 min	1 min	x10				
<b>TOTAL</b>							

## ACTIVIDADE PRÁCTICA

# COOPERATIVA AUDIOVISUAL, OU DE ARTISTAS DA ESCENA

Durante un trimestre, xogaremos a ser unha cooperativa audiovisual e realizaremos un vídeo entre todos e todas. Se non temos os medios necesarios, ou nos gustan máis as artes escénicas, podemos optar polo teatro ou os monicreques.

Algunhas das tarefas as facemos entre todos e todas, aproveitando ao máximo a nosa capacidade creativa e tomando as decisións democraticamente. Outras tarefas nolas repartimos, porque resulta máis operativo para avanzar rápido e poder ter o traballo rematado nun trimestre.



- ✓ **facemos unha tormenta de ideas para propoñer o tema**
- ✓ **recóllense as ideas no encerado**
- ✓ **lemos todas e votamos**

## ELIXIMOS UN TEMA

É bo que sexa un tema que coñecemos, e a ser posible que nos afecte, xa que así teremos máis facilidade para elaborar o guión.

### Facemos unha tormenta de ideas:

- Ninguén pode xulgar as ideas que propoña ninguén. Ninguén pode criticar a ninguén.
- Tampouco imos xulgar as nosas propias ideas. Máis vale trabucarse ou dicir parvadas que non intervir e calar.
- Temos que escoitar ideas, porque ao oílas vánsenos ocorrer outras.
- Cantas máis ideas, mellor.
- Presentamos cada idea de forma moi breve, e sen dar explicacións.

Temos un encerado onde alguén se encarga de recoller as ideas (pode ser a profesora ou profesor, xa que é importante que escriba rápido). Empezamos a levantar a man e soltar as nosas ideas. Imos recollendo todas as ideas ata que teñamos moitas e se nos esgotara a creatividade.

Despois lemos todas as ideas e, con gomets, votamos sobre o encerado e eliximos a idea que máis nos gusta.

## EMPEZAMOS A ELABORAR O GUIÓN

En grupos pequenos, tratamos de elaborar unha breve historia en relación á **idea elixida**. Cando teñamos algunha idea do que queremos que pase, identificamos cales son os personaxes e **escribimos cada personaxe nunha tarxeta de cartolina**. Despois describimos o que pasa, dividindo en tres momentos: **presentación, nó e desenlace**.

Facemos unha posta en común do que traballamos no noso grupo, utilizando as tarxetas e escribindo no encerado o básico de cada fase.

Imos utilizar outra técnica de creatividade, **o guión tolo cooperativo**. Sentámonos en círculo e por orde, en rolda, imos inventando un guión a cachos: cada quen di, brevemente, algo que sucede. A seguinte persoa continúa a narración... e así ata completar a rolda, ou completar a narración. Podemos pedirle á profesora ou profesor que vaia anotando, polo menos as ideas principais.

En plenario, pensamos se podemos fundir as diferentes ideas, collendo o que máis nos gusta de cada unha. Poñémonos de acordo nas personaxes e nas liñas xerais do guión. Concretará o guión un grupo de traballo (pero iso será o próximo día...).



- ✓ breve historia sobre á idea elixida
- ✓ identificamos cales son os personaxes
- ✓ describimos o que pasa, dividindo en tres momentos: presentación, nó e desenlace.
- ✓ guión tolo cooperativo

fundir as diferentes ideas para concretar o guión

